

## **Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 24 de novembro de 2015**

Ás 13:20 horas do día 24 de novembro de 2015, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Arias Martínez , María Antonia

Fernández Acevedo, Rafal

Guerrero Gesteira, Isabel

López Rodríguez, Alba

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>.

Rodríguez Rodríguez, Emma

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Excusan a súa falta: Isaac Borja Araújo.

### **1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Apróbase.

### **2.- Informes da Sra. Decana.**

A Decana informa dos prazos para presentar os informes definitivos. Neste senso, advirte que o único título que será sometido a informe externo pola ACSUG é o MDE. O prazo para presentar o autoinforme e PAM definitivos deste título é o vindeiro 27 de novembro de 2015. Por tal motivo, hoxe aprobarase o autoinforme e o PAM definitivos de tal titulación.

O Grao en Dereito e o Máster en Menores van a informe interno na UVigo sendo o prazo límite para o envío a Área de Calidade o 11 de decembro.

No que atinxe aos títulos que van a acreditación (Grao en RRLL e RRHH e Máster en Avogacía) o prazo para o envío dos informes de acreditación e PAM definitivos tamén é o 11 de decembro. Si ben a aplicación para subir evidencias, péchase o 17 de decembro.

Por tal motivo, os informes provisionais que aprobaremos hoxe con carácter provisional enviaranse a Área de Calidade da UVigo. Posiblemente, trala oportuna revisión, desde tal área nos farán observacións que deberán ser incorporadas nos informes definitivos. Tales informes deberán ser aprobados nunha Comisión de Calidade que se celebrará, posiblemente, o vindeiro 10 ou 11 de decembro e unha Xunta de Facultade posterior.

### **3.- Aprobación, se procede, da Normativa de TFG.**

A Decana informa das razóns da modificación. En concreto, para recoller determinadas adaptacións que teñen que ver coa normativa de matrícula (xeral da Universidade). É unha normativa que favorece ao alumnado en tanto que se garanta que o alumno ten mais oportunidades para elaborar o TFG e poder remátalo no mes de novembro e, incluso, compatibilizalo (si únicamente ten esa materia) coa matrícula nun mestrado.

Non obstante, puntualiza a Decana que ten que quedar claro que non somos responsables da normativa de matrícula (servizos centrais). De ahí que sexa necesario que o alumnado coñeza tal normativa e a súa casuística.

Apróbase.

### **4.- Aprobación, se procede, do Informe do PAT do curso 14/15**

A Decana informa sobre as principais conclusións do PAT 14/15. O coordinador do grao en RRLL e RRHH, puntualiza que ao facer referencia ao ciclo de mellora continua (letra d) nas conclusións), dí que lle falta precisión. Por tal motivo, tal apartado quedaría completado coa frase resaltada. O texto sería o seguinte: "...detección de problema en el PAT, turnar el problema al órgano responsable, propuesta de solución y ejecución de la misma **y trasladar al alumnado las acciones adoptadas**".

**Apróbase coa modificación proposta.**

A fio desta aprobación, a representante do alumnado do Grao, Isabel Guerrero, transmite certas cuestión sobre a celebración do PAT e dúbidas sobre a súa utilidade real.

A alumna representante dos másteres, Alba López (alumna do MDE) tamén transmite unha opinión semellante. En particular, a sensación do alumnado de que as reunión do PAT non teñen demasiada utilidade.

#### **5.- Análise das incidencias do PAT do grao en Dereito e do grao en RRL e RRHH, detectadas nas reunións do 1º cuatrimestre do curso 2015/2016 e adopción de acordos, se procede.**

A Decana informa que durante a semana do 16 de novembro celebrouse a reunión do PAT en tódolos cursos do grao en Dereito e RRL e RRHH. A participación foi alta. O profesorado encargado do PAT foi acompañado dos bolseiros de calidade nas horas previstas.

**Infórmase, en particular, das seguintes queixas feitas polo alumnado de RRL e RRHH:**

En **PRIMEIRO** o alumnado manifestou problemas de calefacción e coa WIFI nas aulas.

A Decana manifesta que a calefacción non se puxo no mes de outubro e parte de novembro dado que non foi necesario.

María Antonia Arias, puntualiza que nalgúns clases nótase antes o frío.

En canto á conexión wifi a Decana di que se **trasladará ao órgano competente** da universidade dado que é un problema xeral na Universidade que convén atallar.

Os alumnos tamén solicitaron aumentar os descansos entre clases dado que nalgúns casos non teñen apenas tempo.

A Decana indica que nese caso as clases rematarían moito máis tarde pero que o alumnado pode **solicitar directamente ao profesorado** que remate algo antes a súa clase para que teñan un pouco de tempo.

Ademais o alumnado mantén que non chegan mails. A Decana informa que se **revisará tal cuestión co servizo competente** pero que tamén pode deberse a que algún alumno/a non esté dado de alta corretamente en faitic.

Noutros materias, o alumnado de primeiro de RRL e RRHH, pide cambios de cadeiras e incomodidade de mesas (aulas A4 e B2), cuestión que se revisará; Falta de limpeza nos baños. A Decana informa que **darase conta ao servizo correspondente**; precios excesivos na cafetería, a Decana informa que esta cuestión está fixada directamente por Reitorado; e non funcionamento nin existencia de máquina expendedora de café, perante o cal tamén infórmase que esta é unha cuestión centralizada polo Reitorado.

Por último, solicitan Taquillas para o Centro, que trátase dunha **cuestión que vaise resolver no curso 16/17.**

En **TERCEIRO** do grao en RRLL e RRHH, o alumnado advirte de luces fundidas e parpantes, petición que **se turnará ao Vicedecano de infraestruturas** (Jaime Aneiros) para facer os oportunos cambios. Non obstante, puntualiza a Decana que para cambiar luces hai que agardar a que estén un % fundidas para que veñan desde unha empresa externa a cambialas.

En **CUARTO** do grao en RRLL e RRHH, o alumnado advirte dos fallos constantes do proxector no Aula a2, cuestión que **trasladarase ao Vicedecano de infraestruturas** para a súa resolución si ben xa está solicitado un presuposto para o cambio de tal proxector.

Do mesmo xeito, o alumnado queixase do ruído na Aula de estudo que impide o estudo na Biblioteca. Decídese **elaborar un cartel advertindo** que trátase dunha aula de estudo polo que se debe falar baixo, a prohibición de comer e beber na mesma, etc. Tamén hai queixas sobre a falta de bombillas na aula de estudo e biblioteca, petición que se turnará a Jaime Aneiros.

Advírtese dun desaxuste docente na materia de teoría das RRLL e RRHH, tal **queixa turnarase a profesora de tal materia** (Magdalena Barahona) polo coordinador do Grao.

Por último, tamén existen queixas sobre a pouca luz nas zonas comúns cando anoitece, cuestión difícil de solventar dada a estrutura da facultade. A inexistencia de sillas para zurdos nos seminarios prácticos donde teñen clase os de 4º de grao, decídise ver cuais son tales clases e dotar ás mesmas de varias sillas para zurdos. Solicitan algunha materia en inglés. A Decana informa que isto non vai ser posible a curto prazo, mais tendo en conta o pouco éxito das materias ofertadas en inglés no grao en Dereito. Finalmente, o alumnado advirte da mala organización dos horarios dos grupos prácticos debido a composición dos grupos –algúns moito mais numerosos que outros-, a Decana informa que revisarase tal composición no vindeiro curso 16/17 xa que agora podería causar maior desorganización.

<b>Infórmase, en particular, das seguintes queixas feitas polo alumnado de DEREITO:</b>
---

En **SEGUNDO DE DEREITO** queixanse de demasiados profesores para algunhas materias. 3 ou mais profesores o que implica certo desorde, en particular defectos de coordinación. A Decana informa que o número límite sería 3 segundo normativa aprobada en Xunta.

En **TERCEIRO DE DEREITO**, solicítase información sobre as convalidacións entre materias do Plan antigo e o novo. A Decana sinala que a taboa de convalidacións está aprobadas e recollida na memoria do título.

O alumnado advirte que o profesorado non coñece a regra de que, en caso de coincidencia de exames, ten que variar a data o do curso anterior. Decídese **enviar un novo comunicado ao profesorado informándolle desta normativa** aprobada no mes de xuño de 2015.

Por último, en relación coa materia Dereito mercantil I o alumnado dí que, pese a que o desenvolvemento da docencia é correto, non teñen acceso ao cronograma. Decídese **trasladar tal queixa aos docentes de tal materia**.

6.- Análise dos informes das reunión de coordinación dos Graos en Dereito e en RRLL e RRHH e adopción de acordos se procede.

Rafael Fernández Acevedo, informa que nas reunión de coordinación do Grao en RRLL e RRHH a participación foi boa. Recolle como queixa mais común a descompensación no número de integrantes nos grupos prácticos consciente da dificultade para facer o corte correctamente

Carmen Ruiz Hidalgo, en calidade de coordinadora do Grao en Dereito, sinala que na reunión coordinación do primeiro cuatrimestre os únicos profesores que asistiron foron Amparo (en primeiro) e Ángel Mariño (que advertiu da necesidade de evidenciar a avaliación de competencias xerais e básicas). De terceiro e cuarto non viu ninguén.

Perante esta situación, acórdase como solución organizativa que as dúas reunións que necesariamente hai que celebrar en cada cuatrimestre (unha ao inicio do mesmo e outra ao final) se poidan substituir por correos dos coordinadores ao profesorado nos que se lle pregunte si hai algunha incidencia e que sirvan, en todo caso, como evidencia de coordinación.

COMPROMISO: Facer reunións da forma descrita.

PRAZO: xaneiro 2016

7.- Aprobación, se procede, do autoinforme de seguimento e PAM definitivos do MDE.

Tal e como se comentou en informes da Decana, trátase do único documento que traese a esta comisión como definitivo dado que ten que ser enviado ao Área de Calidade antes do 27 de novembro. Non obstante, con carácter previo a esta comisión enviouse a tal área que fixo ás oportunas apreciacións ao informe e PAM provisionais. Tales observacións foron incorporadas ao mesmo.

Apróbase.

8.- Aprobación, se procede, do autoinforme de seguimento e PAM provisionais do Grao en Dereito.

Carmen Ruiz Hidalgo, plantexa dúbidas sobre as melloras específicas aplicables ao Programa de simultaneidade ADE-Dereito e sobre si as mesmas teñen que figurar ou non no PAM.

Apróbase con delegación no Decanato, Coordinador de calidade e Coordinadora do título para facer rectificacións formais oportunas.

9.- Aprobación, se procede, do autoinforme de seguimento e PAM provisionais do Máster en Menores en situación de conflito e desprotección social.

Apróbase con delegación no Decanato, Coordinador de calidade e Coordinadora do título para facer rectificacións formais oportunas.

11.- Aprobación, se procede, do autoinforme de acreditación e PAM provisionais do Grao en RRL e RRHH.

Apróbase con delegación na Decana, Coordinador de Calidade e no Coordinador do título para facer rectificacións formais oportunas.

12.- Aprobación, se procede, do autoinforme de acreditación e PAM provisionais do Máster en Avogacía.

Apróbase con delegación na Decana, Coordinador de Calidade e na Coordinadora do título para facer rectificacións formais oportunas.

13.- Rolda de intervencións.

Non hai intervencións.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 16:05 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez